

5 ■

O artellamento dunha política cultural

A cronoloxía

biobibliográfica de Ramón Piñeiro abrangue desde 1915 até 1990. Estamos, xa que logo, ante un perfil vital moi próximo a nós temporalmente, o que impide dispormos de suficientes análises contrastadas ao redor da simboloxía e repercusión posterior ao seu pensamento, do seu proxecto político-cultural e mais da súa obra de creación persoal, necesariamente desvinculados de lazos emocionais e/ou amicais, que nos axuden a comprender e colocar obxectivamente o rol desenvolvido polo autor no corsé cronolóxico que lle tocou vivir, dentro dun século tan intenso e rico en clave de perspectiva histórica galega, mais tamén española e mundial.

Por unha banda, preséntasenos a dupla interpretación, mesmo discrepante, respecto deste autor como insigne valedor cultural ou como activista político-cultural, dualidade converxente que, como sabemos, ten promovido discursos diferenciados e interpretacións discrepantes.

Se a contradición e ambigüidade poida ser que acompañe o ser humano, por que negalas para aqueles que consideramos representantes dos altos valores culturais galegos? Por que crearmos mitos perfectos alleos á realidade intrínseca humana? Se cadra é máis racionalizador pensarmos que somos produto dun tempo, dunhas relacións humanas, dunha necesaria socialización.

A homenaxe laudatoria que per se corresponde á concesión dun 17 de maio a unha personalidade egrexia, histórica, referencial para o noso presente debe cubrir un obxectivo máis ambicioso do que rememorar anecdoticamente –ou esquecer definitivamente porque xa o noso deber ficou cumprido e a conta saldada de vez coa historia pretérita– para cedermos protagonismo á oportunidade de potenciarmos o seu estudo e promovermos a investigación, que contribúa a desatoar a historia de noso nunca acabada de contar, actualizarmos voces humanas noutros tempos silenciadas e reconstruírmos o que somos hoxe, pois é sempre o pasado o que explica o presente.

Recuperarmos a acordanza persoal do propio Ramón Piñeiro, á par daqueloutras voces contemporáneas que partillaron tempo, espazo e proxectos comúns, xunto á investigación rigurosa e sempre fidedignamente documentada, debería desde xa honrar a memoria dun século, contraditoriamente vizoso e autodestrutivo. A lectura do legado ensaístico, xornalístico e mesmo epistolar que o propio Ramón Piñeiro construíu no seu día a día acompañaranos sempre no camiño das nosas descubertas.

É ben certo que non dispomos dun legado literario piñeirista abundante, como tradicionalmente se

adoitar dispor. O seu traballo arreo en tarefas silenciadas, alleas a todo protagonismo público, promotoras do traballo creativo doutros, mais necesarias, mesmo imprescindíbeis, que nos permitan hoxe falar da bagaxe e riqueza para o país da Editorial Galaxia, por pór un exemplo, seguramente impediron a redacción dunha maior e máis frutífera produción literaria.

A primeira escola da casa e a da vida labrega na aldea solitaria, a escola do mestre intransixente que prohibía o uso da lingua propia inicial, a descuberta da cidade e o bacharelato en Lugo, a lectura da actualidade xornalística en *El Pueblo Gallego* vista a través dun espello progresista e autonomista, a convincente oralidade de don Ramón Otero Pedrayo, as arengas de Lois Peña Novo, Valentín Paz Andrade, Suárez Picallo, Alexandre Bóveda e Castelao, xunto ao ambiente republicano xerador de inqueda e riqueza político-cultural dos primeiros anos da década dos 30, rematou por prender no Ramón Piñeiro aínda mozo un espírito galeguista plasmado definitivamente na súa adscrición á Mocidade Galeguista de Lugo, onde exerceu como secretario de cultura desde unha participación directa que culmina en 1936 en que é elixido secretario do Comité Provincial do Estatuto de Autonomía organizado polo Partido Galeguista, o que o levou a participar activamente na campaña en defensa do Estatuto de Autonomía de Galiza que sería plebiscitado e aprobado maioritariamente pola sociedade galega o 28 de xuño de 1936.

A guerra pluscuancivil, en terminoloxía de Borobó, amosoulles aos seus sobreviventes a faciana máis dramática e cruel. A morte dos compañeiros paseados e o exilio de tantos coetáneos; o silencio dos perdoados obrigados a se ocultaren en si mesmos, baixo a doutrina do medo delatador, e a renegaren de principios e amizades republicanas, galeguistas e nacionalistas.

No entanto, uns poucos camaradas si estaban dispostos a reiniciar o arriscado compromiso político coa causa galeguista de preguerra reorganizada desde a clandestinidade, constituíndose unha executiva que novamente daba entrada a Ramón Piñeiro, Otero Pedrayo, Gómez Román, Plácido Castro e Fernández del Riego.

Paralelamente, en novembro de 1944 constitúese en Montevideo o Consello de Galiza, baixo a presidencia de Castelao, semellante a un goberno galego no exilio. Cumpría planificar o itinerario de futuro que debía seguir no novo contexto político o Partido Galeguista, mais de contado xorden tensións persoais produto das discrepancias interpretativas respecto do postulado político para seguir, de xeito



especial entre Alfonso R. Castelao e Ramón Piñeiro.

En 1946, a liberdade remata para Ramón Piñeiro, despois de ser procesado en consello de guerra e condenado a cumprir sentenza de seis anos de prisión que, finalmente, ficarían reducidos a tres anos de reclusión repartidos entre as cadeas de Alcalá, Ocaña e Yserías.

Quebrará aquí tamén calquera oportunidade de reconstrución do proxecto nacionalista de preguerra, ao se instalar definitivamente o galeguismo sobrevivente no interior, con Ramón Piñeiro á cabeza, no convencemento de que apenas o activismo culturalista era posíbel para contribuír á pervivencia espiritual de Galiza: *“Un único campo de acción tiña [o galeguismo] ao seu alcance: o de influír e orientar a opinión galega – sobre todo ás novas xeracións– a través da acción cultural. Creando conciencia galega, despertando atención e interese polos valores e os problemas da terra, atraendo os rapaces de máis personalidade e inqueda, renovando e ensanchando a área de cultivo das nosas letras, creando e orientando equipas de técnicos que estuden coordinadamente os grandes problemas do noso país”*.

O piñeirismo botaba a andar canda o ecuador do século XX afirmándose, definitivamente, no galeguismo e abandonando o proxecto nacionalista na fértil Galiza de preguerra, que, en palabras do seu amigo Xosé Manuel Beiras implica *“a potenciación da resistencia cultural en detrimento da resistencia política que terá unha enorme repercusión histórica porque cando logo se dea o desenlace que se lle deu ao franquismo, cando veña a chamada transición democrática, en troques de quebra democrática, a cualificación de nacionalidades históricas (Catalunya, Euskadi e Galiza) e, polo tanto, o recurso á lexitimación institucional que supuñan os Estatutos de Autonomía plebiscitados durante a Segunda República, nese intre podía ter funcionado o Consello de Galiza como funcionou o Goberno Vasco no exilio ou a Generalitat, e podía, ademais, ter funcionado o Partido Galeguista como funcionou o PNV... Tristemente en Galiza perdeuse ese fío condutor”*

Entendidos os camiños da acción política sen posibilidade de desatranco nun futuro inmediato, a única saída clarexadora que, cara ó porvir, se ofrecía naquel mundo establecido, era o artellamento dunha política cultural, segundo lembranza do compañeiro e amigo Francisco del Riego, o que asentará os principios da Editorial Galaxia, cuxa reunión fundacional se celebrou, sen permiso gubernativo, o 25 de xullo de 1950. Xaime Isla, un dos máximos promotores e financiadores, definía esta nova estratexia como *o instrumento e cobertura para a batalla político-cultural*. Explicitábase logo un novo rumbo para toda acción posíbel: a expresión cultural dunha estratexia política?

O labor de Galaxia, e de Ramón Piñeiro como director literario, a prol do rexurdimento das letras galegas após a guerra de 1936 foi fundamental, por canto alimentou o pensamento e a obra creativa, ao tempo que canalizou a súa publicación e divulgación coa vontade de recuperar os modelos intelectuais e creativos da preguerra (Otero Pedrayo, Cunqueiro, Carvalho Calero, Cabanillas...) en comuñón cos novos valores que debían darlle continuidade natural ao sistema literario galego escrito en lingua galega (Novoneyra, M^a Xosé Queizán, Manuel María, Méndez Ferrín, Franco Grande, Bernardino Graña, Pura Vázquez...). A prosa, e máis concretamente o ensaio, converteuse no xénero

prioritario para desenvolver, así como a tradución de clásicos universais para a nosa lingua nun intento de combater, segundo transcribe Piñeiro en epístola a Carvalho Calero, *“a lenda insidiosa de que o galego só serve pra facer versos e pra falaren os labregos”*. Fundamentais son no seu día, e mesmo aínda hoxe, as edicións da *Gramática del gallego común* ou a *Historia da literatura galega*, de Ricardo Carvalho Calero, o *Diccionario* de Eladio Rodríguez, a *Historia de Galicia* de Otero Pedrayo e mais a colección de *Grial*.

Malia todo, andando a década dos 60, as críticas chegan desde o interior e mais desde o exilio. Suárez Picallo non oculta, en epístola datada o 22 de xuño de 1959 e dirixida a Piñeiro, a súa preocupación pola fixación dun proxecto cultural que non avanza cara á recuperación do espírito galeguista e nacionalista de preguerra e á consecuente transmisión ás novas xeracións que, con grande empeño, formaba o propio Piñeiro no seu despacho da rúa Xelmírez de Compostela desde a coñecida mesa de braseiro:

“Tamén me parece ben a vosa actitude de recoller velas –nadar e gardar a roupa– cando o réxime imperante puido salvar a crise que o ameazaba de inmediato e reafirmarse facendo imposible todo labor conspirativo clandestino coas mínimas posibilidades de éxito, para entregarnos a actividades culturais recreadoras da personalidade de Galicia en orde ó idioma, á historia, ás letras e incluso ós problemas económicos. ¡Admirable labor! Complementada co amestramento de novas promocións xuvenís –irrompidas principalmente na Universidade e nos outros ámbitos da cultura –para as que os galegos da emigración soamente temos gabanzas e benzóns, e que saudamos como a xuventude de estrelas que pedía Curros. Mais tememos que esas mesmas hostes xuvenís non estean debidamente informadas do intre vital da historia política de Galicia que vai do 1930 a 1939 –a República, os esforzos autonomistas, a guerra civil e os mártires galegos, xunto coa presenza política de Castelao. Non se trata –enténdeme ben– de facer devoción estática dos feitos deste intre; trátase de telos como data, como obrigada referencia histórica, que fai a continuidade galega no tempo, no espazo e no traballo político, pola súa liberdade. ¿Que aí non se pode facer esa información? Xa o sabemos, e por sabelo, facémola nós aquí, con espléndidos resultados, especialmente visibles nos emigrantes novos que se achegan a nós e cando se informan, quedan á nosa beira. E, certamente, non deixa de doer que este labor de divulgación de acontecementos históricos substanciais no vivir galego sexa cualificado coma un xeito de gastar pólvora en salvos”.

Desde o interior tamén se pronuncian as primeiras voces discordantes, especialmente a partir da fundación dos primeiros partidos políticos: PSG e UPG. Se ben inicialmente Piñeiro alentaba o nacemento do primeiro, o declarado posicionamento abertamente anticomunista e non nacionalista do noso autor non propiciou a súa afiliación, senón que a medida que o PSG evoluiu en clave de recoñecemento da realidade do país, e consecuentemente das esixencias políticas que cumpría formular, afastouse definitivamente.

Unha mudanza canto á interpretación do proxecto uniforme político-cultural que mesmo se encamiñará cara a unha certa quebra á luz dos enfoques moito máis diverxentes xurdidos cara ao fin do franquismo, isto é, 1975, segundo reflicten as palabras de



Francisco Rodríguez:

“Fique claro que a entidade e o labor de Galaxia foron francamente enormes para a súa época. Non se pode negar que, especialmente até a década dos setenta, foi unha experiencia que ten moito de heroica e voluntarista, de agradecer. Certo tamén que non impulsaba unha cultura, naquela época moi espallada, connivente cos postulados do marxismo. Pero axudou a que a xente moza puidese expresarse artística, literaria e ideoloxicamente, con certa liberdade e desde unha posición de certa neutralidade, até que se foi aproximando a fin do franquismo, isto é, 1975. A partir de aquí, na medida en que o nacionalismo galego activo tiña unhas bases non coincidentes co sector hexemónico en Galaxia, o desencontro foi total, mesmo unha certa belixerancia ou censura foron colocando a editora nunha posición pouco novidosa e rechamante para os públicos máis mozos, sedentos dun ensaísmo de base ideolóxica máis ampla e radical que a que ofrecía a editora de Piñeiro. Isto posibilitou que, nestes anos cruciais, as editoras españolas que publicaban libros con temática galega, na órbita do españolismo de esquerdas, acabasen cunha introdución e espallamento en Galiza que Galaxia non axudaba a contrarrestar. Pasou así de ser unha editora pioneira a selo cada vez máis convencional, apreixada nunha temática moi pouco atractiva, a non ser a edición e reedición de clásicos da literatura galega”.

Que estratexia política cumpría seguir entón, á vista dunha incipiente luz no final do túnel ditatorial e á marxe da nacente ideoloxía nacionalista no país? Fronte á petición de restauración da bandeira do Partido Galeguista como opción política lexítima perante a sociedade de cara ás primeiras eleccións democráticas, Ramón Piñeiro nega rotundamente calquera posibilidade, tal e como explica no seu carteo co aínda exiliado Rodolfo Prada:

“A súa enorme distancia, espacial e cronolóxica, da realidade galega faille identificar o obxectivo político do galeguismo como reconstrución do pasado, mentres que para nós é, sobre todo, preparación para o futuro. E esa foi a nosa longa e dura batalla política: preparar unha conciencia galeguista capaz de actuar con eficacia política no futuro. No pasado, o galeguismo era un partido entre todos os que actuaban en Galicia; no futuro, será un imperativo de todos os partidos galegos. A maioría de idade política de Galicia consiste mesmamente en que deixe de existir un partido galeguista para que sexan galeguistas todos os partidos (polo menos os democráticos, claro). Pola forza inevitable da historia, en Galicia haberá as mesmas correntes políticas que no resto de Europa; comunismo pro-ruso, maoísmo, socialismo, social-democratismo, democracia cristiá, liberalismo, etc. Esas correntes

xa existen en España. Esas correntes existen tamén en Galicia e serán, en Galicia o mesmo tempo que en España, e en España o mesmo que no resto de Europa, as que mobilicen a opinión cando a opinión se manifeste democraticamente. O noso problema político era, mesmo por iso, o seguinte: ou encerrar o galeguismo nun partido e resignarnos a que Galicia fose invadida polas distintas forzas dirixidas desde Madrid, ou transformar o galeguismo na conciencia xenérica de Galicia e lograr así que a sociedade galega cree ela mesma as correntes políticas que dominan en Europa, que dominarán en España e que, inevitablemente, dominarán tamén na propia Galicia. O verdadeiramente importante non é que en Galicia haxa un partido galeguista; pola contra, o que importa é que, en lugar dun partido galeguista teñamos unha Galicia galeguista, e que esa Galicia galeguista cree un socialismo galego, un maoísmo galego, unha social-democracia galega, unha democracia cristiá galega, etc., único xeito de combater con eficacia o eterno perigo da colonización política”.

Coherente con este pronunciamento, Ramón Piñeiro incorporárase, como independente, na lista do PSOE que concorreu pola provincia de Lugo ás eleccións de outubro de 1981, nunha estratexia calculada e calculadora que perseguía integrar pensamento galeguista nas diferentes opcións políticas estatais.

Un tempo de intervención política directa no Parlamento galego que lle permitiu protagonizar os debates previos e asistir á aprobación final por unanimidade, o 15 de xuño de 1983, da Lei de normalización lingüística. No seu aplaudido discurso pronunciado na sesión de debate da proposición de lei, Ramón Piñeiro baseou a súa defensa na consideración da lingua galega como o lazo comunal máis fondo que con máis forza nos une aos galegos e ás galegas e rendeuille unha homenaxe explícita ao pobo, colectividade creadora dunha lingua común, propia, depositaria da súa conservación e transmisión, e á súa admirada Rosalía de Castro, iniciadora do proceso de dignificación cultural da nosa lingua desde a simbiose perfecta co seu pobo.

A discrepancia e a controversia renacería, máis unha vez, ao redor de Piñeiro e dos membros *galeguizadores* independentes do grupo socialista, perante unha actitude que se considerou pasiva no momento en que se produce a impugnación desta lei polo goberno español, da mesma cor política, perante o Tribunal Constitucional, que sentenciará a inconstitucionalidade do inciso referido ao deber de coñecer o galego, do mesmo xeito que o castelán é regulado de obrigado coñecemento para os cidadáns e cidadás pola Constitución española.

Mercedes Queixas. Escritora e autora do libro *Ramón Piñeiro, a expresión cultural dunha estratexia política*, Laiovento, 2009.

Na imaxe da páxina anterior, Ramón Piñeiro nun mitin a prol do Estatuto de Autonomía. Nesta páxina, (desde a esquerda) Benxamín Casal, Carlos Casares, Ramón Piñeiro e García Sabell na presentación do partido Realidade Galega